

A antena das Pontes organiza unha xornada informativa sobre a recuperación do IVE

Ferrol. 17/03/2010. A antena da Cámara de Comercio no concello das Pontes organiza para o próximo luns, 22 de marzo, unha xornada informativa sobre o procedemento que poden seguir as empresas para recuperar o IVE das facturas emitidas e non cobradas.

Na xornada tamén se explicarán os trámites que se deben realizar para a recuperación deste imposto en operacións previas ao inicio da actividade ou nos casos de situación concursal, así como a posibilidade de solicitar a súa devolución mensual.

Esta actividade, que se desenvolverá a partir das 20 horas na sala de exposicións do Concello, no Mercado Vello, enmárcase no Programa Antenas e está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, polo que a asistencia é gratuíta para as empresas da zona.

Para máis información ou para formalizar a inscrición, os interesados teñen que poñerse en contacto coa oficina local da Cámara (Tel. 981 452 086).

Cómpre lembrar que empresarios e profesionais teñen a obriga de ingresar na Axencia Tributaria o IVE repercutido a clientes morosos, o que supón un prexuízo engadido nunha conxuntura económica na que a morosidade xera importantes problemas de liquidez.

